

De: Xunta de Persoal do 061 da Área Sanitaria de Santiago de Compostela.

A: Director Xerente da F.P.U.S 061 de Galicia

FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS 061
31 MAR. 2015
CENTRAL DE COORDINACIÓN
ENTRADA N.º /70 SAIDA N.º

Santiago de Compostela, 27 de Marzo de 2015

O 24 de marzo de 2015 o Presidente da Xunta de Galicia, acompañado pola Conselleira de Sanidade e vostede mesmo, visitaron no Concello de A Estrada o novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia da Axencia Galega de Emerxencias. Durante esta visita o Presidente da Xunta de Galicia anunciou que “de xeito inmediato pero por fases” trasladaranse a esta nova sede en torno a 250 persoas vinculadas á Axencia Galega de Emerxencias 112 e ao 061.

Ante esta información a Xunta de Persoal do 061 da Área Sanitaria de Santiago de Compostela non pode senón manifestar o seu estupor ao ser notificados por unha nota de prensa do posible traslado forzoso dos traballadores do 061 a A Estrada.

Dirixímonos a vostede para solicitar toda a información referente a este traslado “inmediato pero por fases”:

- Que traballadores do cadro de persoal do 061 están afectados?
- En que prazos e datas se realizará?
- Que condicións de traballo terá o persoal trasladado?
- O traslado suporá diminución de postos de traballo?

Queremos manifestarlle que os traballadores do 061 reunidos en asemblea rexeitaron por unanimidade este traslado ao non encontrarlle beneficios nin para a sociedade nin para os propios traballadores, e, supondo esta decisión unilateral unha diminución gratuíta da calidade de vida dos traballadores e as súas familias.

Finalmente, solicitámoslle unha reunión co fin de aclarar todos estes asuntos.

Atentamente,

Xunta de Persoal do 061 da Área Sanitaria de Santiago de Compostela